EL SUR

[Víctor Erice, 1983, España, 93 min., VO]

Lingua **Español**
Dirección **Víctor Erice**
Guión **Víctor Erice sobre unha historia de Adelaida García Morales**
Montaxe **Pablo G. del Amo**
Fotografía **José Luis Alcaine**
Elenco **Omero Antonutti, Icíar Bollaín, Lola Cardona**
Produción **Chloe Productions, RTVE, Elías Querejeta P.C.**
Distribución **Avalon**

"A Gaivota" é unha casa grande situada nas aforas dunha cidade do norte de España. Nela viven Agustín, médico e rabdomante, a súa muller, mestra represaliada polo franquismo, e a súa filla Estrella. A nena, desde a súa infancia, sospeita que o seu pai oculta un segredo.

Mellor Filme no Festival de Chicago (1983)
Nomeado a Mellor Filme en Cannes (1983)

VINDEIRAS SESIÓNS

Luns 18
ALMA VIVA
(Cristèle Alves, 2022, Portugal, 88 min., VOSE)

Martes 19
CERRAR LOS OJOS
(Víctor Erice, 2022, España, 169 min., VO)

Organiza:

CINECLUBE PONTEVEDRA

cineclubepontevedra.blogspot.com.es

cineclubepontevedra

CineclubePo

Coa colaboración de:

Concello de Pontevedra

FEDERACIÓN DE CINECLUBES DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

FS #204
12.3.2024

EL SUR

VÍCTOR ERICE

CINECLUBE PONTEVEDRA

A IMPOSIBLE VIAXE AO SUR

«*El Sur* é un filme inacabado». Con esta frase adoita referirse Víctor Erice á longametraxe que dirixiu en 1983 e que moitos consideran unha das grandes alfaias do cinema español. A historia contouse xa moitas veces e é abondo coñecida. Logo de obter o seu primeiro éxito de crítica con *El espíritu de la colmena*, estreado en 1973, o cineasta vasco coñeceu a Adelaida García Morales, unha escritora daquela inédita coa que iniciou unha relación de parella que duraría varios anos. Foi ela quen, a principios da década de 1980, escribiu un relato cuxa forza impactou tanto a Erice que non puido resistir a tentación de o trasladar á gran pantalla. O proxecto era ambicioso e chocou coas limitacións orzamentarias. Cando se rodara aínda só a metade do guión, o produtor, Elías Querejeta, mandou parar e resolveu dar por bo o que se fixera ata o momento. Dese xeito, a estrea de *El sur* saldouse cunha acusada disparidade de opinións entre o seu director, que a vía coma unha criatura incompleta e por iso desprovista do seu sentido global, e o público, que enseguida a percibiu como unha obra mestra indiscutible.

Tratáronse abondo as tortuosas relacións entre cinema e literatura, mais no caso de *El Sur* non está de máis descender ás particularidades para explorar ata que punto unhas imaxes, truncadas ou non, poden suxerir confíns aos que rara vez chegan as palabras. O relato orixinal de Adelaida García Morales —que viu a luz en Anagrama dous anos despois da estrea do filme, nun volume que incluía outra *nouvelle* e levou por título *El Sur seguido de Bene*— narra o tránsito da nenez á adolescencia dunha moza condicionada por un segredo que ignora, mais cuxos ecos a interpelan constantemente. Adriana, protagonista e narradora, fálanos do opresivo ambiente da casa en que se criou co seu pai, un médico rabdomante, e a súa nai. O relato avanza dando pistas sobre a frustración do pai, que descubriremos froito dun pasado amor imposible na súa cidade de orixe, Sevilla, e a existencia dun fillo que xurdiu como froito daquela relación prohibida. O suicidio do proxenitor e a viaxe de Adriana desde o norte natal a un sur localizado e recoñecible para atopar ese mozo a quen nunca viu, pero ao que se sente unida por uns lazos que transcenden os impostos polo propio sangue, vertebran esta historia que García Morales soubo debullar en medio cento de fermosas páxinas.

El Sur, o filme, ía seguir o mesmo rumbo. A rodaxe contemplaba 81 xornadas de traballo, das que pouco máis de 30 desenvolvíanse na localidade sevillana de Carmona, onde Erice tiña previsto rodar a parte do filme en que Adriana (Estrella no celuloide) desvela e materializa o segredo que tanto atormentara o seu pai. A filmación arrancou o 6 de decembro de 1982 e Erice lembra como na segunda semana de rodaxe Elías Querejeta se reuniu con el en Santo Domingo de la Calzada para lle dicir que perigaba o financiamento correspondente a Televisión Española: un novo director xeral do ente non estaba disposto a asumir os compromisos non asinados do seu antecesor. A alarma inicial tomou corpo unhas semanas despois, cando o equipo estaba a piques de trasladarse a Andalucía. Segundo Erice, a primeira manifestación pública que apareceu na prensa, coa rodaxe xa interrompida, chegou por parte da produtora e aseveraba que co material filmado xa se podía montar un filme porque só quedara sen rodar «a parte máis frouxa do guión». O director iniciou a posprodución tras asinar un acordo con Querejeta polo que ambos se comprometían a seguir traballando ata completar o proxecto orixinal. Aquela montaxe inicial mostróuselle a Gilles Jacobs, director do festival de Cannes, a quen lle conmoveu tanto que quixo tela na sección oficial do certame. A crítica entusiasmouse e Querejeta concluíu que o filme estaba moi ben así e non era preciso amplialo.

Que Erice vexa en *El sur* unha obra incompleta é perfectamente comprensible: leu antes que ninguén o relato de García Morales, ocupouse de trasladalo a un guión, tiña na súa cabeza o filme que non lle permitiron facer. O cineasta argúe que na parte non rodada residía a verdadeira dimensión moral do relato, en tanto que a filla leva a cabo a viaxe que o seu pai non puido facer e repara os seus erros por medio dunha sorte de comuñón espiritual co seu medio irmán. Con todo, isto non impide que se poida considerar *El Sur*, o filme, unha obra mestra absoluta, nin concluír que enriquece a narración que o inspirou con suxestións que, por non explicitárense, adquiren unha forza que na obra literaria queda diluída ao desempoar a súa autora toda a verdade. O relato céntrase no desvelamento dun segredo e as consecuencias que este causa para toda unha familia, e no filme o sur involuntariamente elidido convértese nunha sutil metáfora, a enésima encarnación dese mito que simboliza os anhelos de evadirse e explicarse, a procura do paraíso perdido nunca reatopado, ao tempo que evidencia as zonas de sombra que se estenden sobre determinados recantos da vida. Malia as diferenzas de criterios e as discrepancias entre o papel e a pantalla, non falta nin sobra nada en *El Sur* de García Morales, como tampouco no de Erice. Se acaso, cabe lamentar que o cineasta non utilizase as palabras de R. L. Stevenson que figuraban como corolario no guión orixinal: «Hai no mundo unhas illas que exercen sobre os viaxeiros unha irresistible e misteriosa fascinación. Poucos son os homes que as abandonan logo de as coñeceren. A maioría deixan que os seus cabelos branqueen nos mesmos lugares en que desembarcaron. Até o día da súa morte, á sombra das palmeiras, baixo os ventos alisios acarician o soño dun regreso ao país natal que nunca cumprirán. Esas illas son as illas do sur. Contan que nelas estivo en tempos o Paraíso».

Recollido de www.zendalibros.com/imposible-viaje-al-sur.
Tradución ao galego: Cineclube Pontevedra.